

# XVII

## ENCONTROS

### PARA A

## NORMALIZACIÓN

## LINGÜÍSTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA  
CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
15 E 16 DE OUTUBRO DE 2015



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Os Encontros para a Normalización Lingüística de 2015, fieis á motivación inicial e ao rumbo seguido na súa xa longa tradición, van centrar a súa XVII edición nos debates actuais e nos dilemas que presenta a situación sociolingüística do galego.

Por iso terán un papel central os distintos traballos de pescuda e análises de datos que se están desenvolvendo arredor da mocidade e os seus comportamentos lingüísticos, na medida en que son produto dunha situación ambiental, unhas determinadas políticas educativas ou, mesmo, a autopercepción da xente máis nova. Coñecer os aspectos que determinan os seus usos e actitudes debora permitírnos definir as áreas prioritarias para crear contidos demandados por eles e deseñar estratexias acordes co obxectivo normalizador.

A presentación anterior serve de marco a outra liña que ten continuidade e que precisa dunha profunda reflexión: a da transmisión e reprodución lingüísticas. Achegarémonos a ela tanto desde a presentación de investigacións relacionadas con este tema coma mediante a mostra de iniciativas, públicas e privadas, orientadas á intervención na asunción e na transmisión do galego. A presentación e intercambio de experiencias teñen un lugar destacado nesta XVII edición.

En terceiro lugar, ocuparémonos da política e da planificación lingüísticas de ámbito local. A capacidade de intervención da Administración local, co foco posto na implicación das deputacións provinciais, alternarase coa presentación de experiencias cooperativas dos SNL e os ENDL, incidindo especialmente nos beneficios da coordinación e da acción conxunta para a optimización dos recursos para o fomento da lingua. Todo isto irá precedido de sesións previas de traballo que aproveitarán as posibilidades que nos ofrecen as redes sociais.

## PROGRAMA

**XOVES, 15 de outubro**

16:00 horas. Inauguración

16:15 horas

### O COMPORTEAMENTO LINGÜÍSTICO DA MOCIDADE GALEGA

*Estudo e análise da situación*

**Xaquín Loredo Gutiérrez**, Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega

*Primeiros avances do inquérito sobre o comportamento lingüístico da mocidade galega*

**Håkan Casares Berg**, Observatorio da Cultura Galega. Consello da Cultura Galega

17:45 horas. Pausa

18:00 horas. Sesión de relatorios

### A COLABORACIÓN NECESARIA PARA AVANZAR NA NORMALIZACIÓN DO GALEGO: EXPERIENCIAS, ANÁLISES E REFLEXIÓNS

Coordinadora: **Valentina Formoso**

*Explicación do modelo de xestión e colaboración entre concellos no proxecto Apego e no Club de Debate*

**Socorro G. Conde**, técnica de normalización lingüística do Concello de Santiago

*A normalización do galego no SUG: estratexias e resultados*

**Carlos Amoedo**, secretario xeral da UDC

*Experiencia/necesidade de colaboración entre SNL e ENDL*

**Marta Souto**, técnica de normalización lingüística do Concello de Vigo

**VENRES, 16 de outubro**

10:00 horas

*O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN*

*A promoción do galego desde o ámbito supramunicipal. Unha proposta*

**Xaime Subiela**

*Implicación das administracións locais: as deputacións provinciais*

**Representantes das catro deputacións**

12:15 horas. Pausa

12:30 horas

*RESISTENCIA DENDE ABAIXO. O PAPEL DAS MICROPOLÍTICAS LINGÜÍSTICAS NAS FAMILIAS GALEGAS*

**Anik Nandi**, candidato de doutoramento, Heriot-Watt University, Edimburgo, Reino Unido.

Colaborador externo no Instituto da Lingua Galega, USC

16:00 horas

*RELATO, APROVEITAMENTO E CONCLUSIÓNS DOS ENCONTROS 2015 A TRAVÉS DA REDE*

Coordinador: **Manuel Bermúdez**

**David Cobas**, traballador da Normalización e formador

**Rosa Moreiras Cuñarro**, Servizo de Normalización Lingüística, Concello de Ames

**Manuel Núñez Singala**, Servizo de Normalización Lingüística, USC

**Xusto Rodríguez**, Servizo de Normalización Lingüística, USC. Área de Terminoloxía

16:45 horas. Sesión de relatorios

*INFANCIA, CULTURA E LECER*

Coordinadora: **Conchi Cochón**

*Campañas de animación á lectura de Kalandraka*

Editorial Kalandraka, **Paz Castro**

*O galego campá!*

Secretaría Xeral de Política Lingüística / Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado,

**Beatriz Corral e Brais Fernández**

*Fantoches Baj*

**Inacio Vilaríño**

18:15 horas. Pausa

18:30 horas. Sesión de relatorios

*CAMPAÑAS EN BUSCA DE AFECTO: O QUE A PUBLICIDADE E AS RRPP PODEN FACER POLO GALEGO*

Coordina: **Benigno Fernández Salgado**, Facultade de Publicidade, UVigo

*Campañas institucionais a prol do galego*

**María Isabel Míguez González**, profesora de Relacións Públicas e Dirección de Comunicación, UVigo

*As campañas de comunicación desenvolvidas dende a sociedade a prol do galego*

**Xosé Manuel Baamonde Silva**, profesor do Grao de Publicidade e Relacións Públicas, UVigo

*Política lingüística e publicidade institucional*

**Olalla Rodil Fernández**, redactora de *Sermos Galiza*

20:00 horas

Clausura dos Encontros

**ORGANIZA**

Consello da Cultura Galega. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia

**COLABORAN**

Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua  
Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística

**COMISIÓN ORGANIZADORA**

Rosario Álvarez Blanco  
Manuel Bermúdez Blanco  
Concepción Cochón Martínez  
Henrique Monteagudo Romero  
Xosé Gregorio Ferreiro Fente  
Valentina Formoso Gosende  
Nel Vidal Barral

**LUGAR**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205  
difusion@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

**Máis información e inscrición en:**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

**INSCRICIÓN**

A inscrición realizarase exclusivamente a través do formulario habilitado no web do CCG.  
Establécese en 100 o límite de prazas, que se cubrirán por orde de inscrición.  
Entregarase diploma acreditativo de participación nos XVII Encontros, emitido polo Consello da Cultura Galega.  
Para acadar o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.  
Praza do Obradoiro, s/n.  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205